



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE XANEIRO DE 2021, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	
(Intervención telemática)	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
(Intervención telemática)	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
(Intervención telemática)	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
(Intervención telemática)	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
(Intervención telemática)	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
(Intervención telemática)	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
(Intervención telemática)	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
(Intervención telemática)	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
(Intervención telemática)	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
(Intervención telemática)	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
(Intervención telemática)	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (23/12/2020)

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 23/12/2020 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre do POS + 2021 (Plan único de concellos)

Dás conta do informe da Comisión informativa de urbanismo e plans do 25/01/2021 que contén as das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), aprobadas polo Pleno da Deputación con data 27 de novembro de 2020.


Ao abeiro das mesmas, proponse:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	188.978,20
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	188.978,20

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
AMPLIACIÓN DA REDE DE SUMIDOIROS EN QUINTÁNS- SAN XIÁN DE SALES	80.627,12	49.957,79	130.584,91
Subtotal investimentos achega provincial 2020	80.627,12	49.957,79	130.584,91

O citado proxecto foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o dezasete de decembro de 2019.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
BANCO SABADELL	44.994,81


E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020			
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	188.978,20		188.978,20
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0,00		0,00
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	80.627,12	49.957,79	130.584,91
	Achega 2021	0,00	0,00	0,00
	Préstamo 2021	0,00	0,00	0,00
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	44.994,81		44.994,81
T O T A L	Achega 2021	188.978,20	0,00	188.978,20
	Achega 2020	80.627,12	49.957,79	130.584,91
	Préstamo 2021	44.994,81		44.994,81
	TOTAL	314.600,13	49.957,79	364.557,92



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total da achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
SANEAMENTO EN SANTA CRUZ	125.890,67
PROXECTO DE MELLORA DE PAVIMENTO DE CAMIÑOS EN VEDRA	162.558,96
TOTAIS	288.449.63

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- O concello incluíu no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS +2021 Base.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Presidencia di que seguen o criterio de destinar a gasto corrente a parte que poden, xa que é máis fácil de xustificar e polo tanto máis pronto poden aprobar o plan e antes chegan eses cartos ao concello, o que lle dá marxe despois para destinalos a aquelas obras que están nos orzamentos e lles dá máis capacidade de xestión no concello.

No caso dos investimentos, hai dous proxectos que xa están feitos, que teñen os seus permisos, polo que non habería ningún problema de aprobación no POS na Deputación, como é a ampliación da rede de sumidoiros en Quintáns; e no POS complementario o saneamento en Santa Cruz na zona limítrofe con Ponte Ulla.

En canto á redución de débeda, supón xa liquidar o préstamo co Banco Sabadell; e por último, no POS complementario ao POS+, tal e como pide a Deputación, facer achegas como mínimo do 50% total da achega de préstamo provincial. Considera que por riba dos 200.000 ou 250.000 € poderán vir para o concelb ao longo do ano. Por iso



consideraron un proxecto de afirmado de pistas que afectan a máis de sete parroquias, onde se recollen algunhas das solicitudes feitas polo PSdeG-PSOE. Outras delas van ir no plan de Agader e outras que consideran que hai que aglomerar.

Solicita o voto a favor.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que un ano máis non presenta novidades este plan nin a forma de executalo do PP. O seu grupo non está de acordo. Son 180.000 € dedicados a gasto corrente dos que a oposición perde totalmente o control. Gustaríalle que se contara ou polo menos se informara á oposición desas obras.

Con respecto ás obras que van executar, di que o proxecto de ampliación de sumidoiros en Quintáns foi aprobado en decembro de 2019 e non sabe porque non se executou no ano 2020.

Anuncia a abstención do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo vai votar en contra porque o grupo de goberno usa o mesmo criterio de todos os anos: destinar os cartos a gasto corrente, rede de sumidoiros e asfaltado.

O BNG presentou durante dous anos iniciativas relacionadas coa sostibilidade e este ano non o fixeron porque van presentar un proxecto completo máis para adiante.

Non están en contra de que se constrúa a rede de sumidoiros nin que se realice o asfaltado de vías. O problema que ten o grupo de goberno é que non presentan unha planificación e négase dende hai anos a que esa planificación permita coñecer cando se repara unha vía. Como non existe esa planificación que permita gastar eses cartos dunha forma ordenada, o BNG vaise opoñer.

Ofrécelle construír, xunto cos grupos da oposición, unha planificación con criterios claros de necesidade de asfaltado, con prioridades, e sobre iso máis unha planificación da rede de sumidoiros, o BNG non tería problema ningún en apoialos.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP, tres abstencións do PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG.

3º.- Acordo, se procede, sobre do POS + Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios.

Dáse conta da Base 12 das reguladoras do POS + 2021 (Plan único de concellos) que regula o POS + Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021 .

De acordo coa citada base, proponse:

1º.- Participar no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + ADICIONAL 1/2021” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan, no informe emitido pola Secretaria-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	114.532,24 €
---	--------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	31.500.00	0	31.500.00
c) Axudas ás familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	10.000.00	0	10.000.00



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
<p>d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, salón de peiteado, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	628.056,00	38.5218,96	242.837,04
<p>e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.</p>			
<p>f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.</p>			
<p>g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnico dos servizos sociais.</p>	0	0	0
<p>h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.</p>	0	0	0
T O T A L	669.556,00	385.218,96	284.337,04



2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Presidencia di que cando lles chega a notificación desta achega provincial, que lle parece unha magnífica noticia, ven os capítulos onde prevén gastar eses cartos, onde lle permite a Deputación xustificar, e ven que non permiten meter o SAF en dependencia, senón as horas extraordinarias, en reforzo dos servizos de axuda de medidas de conciliación, en reforzo dos dispositivos de axudas económicas de atención a persoas sen fogar, adquisición de medios de prevención, EPIS, etc.

Collendo todo o que gastaron e todo o que podían prever gastar, dificilmente chegaría a 80.000 €. Se non dan chegado a xustificar todo, perderían cerca de 30 ou 40 mil euros. Fixeron consultas técnicas na Deputación, e avisaron que aos concellos rurais lles ía resultar difícil poder xustificar nesas partidas os cartos que concedían. Onde tiñan un problema é no SAF dependencia e aí non habería problema para xustificar. A Deputación rectificou e agora poden meter o SAF dependencia.

Di que é unha proposta meramente técnica elaborada polo departamento de servizos sociais.

Está de acordo co PSdeG-PSOE en que no SAF a Xunta debe subir a súa achega e así llo fixo saber á conselleira. Houbo reunións ao respecto e todo apunta a que ao longo deste ano a Xunta vai subir a achega ao SAF dependencia.

Solicita o apoio aos grupos da oposición.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE considera que a proposta do equipo de goberno para este apartado do POS en gasto social ten moi pouco traballo. Cre que viron unha porta aberta para financiar este servizo que tantos cartos lle custa ao concello porque está mal financiado pola Xunta dende hai moitos anos.

No apartado E destas bases di: “Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.” Nese apartado podían ter metido algúns cartos, porque recórdalle que veñen de subir dunha maneira considerable a gardería, ludoteca, etc. Son medidas que podían encaixar nese apartado.

Pregunta se as axudas ás familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais os van cubrir coas bolsas, ao que a Presidencia resposta que si.

Tamén cre que é unha decisión que o grupo de goberno toma a nivel político. Aproveita para meter todo no SAF e esquecense doutras cuestións de gastos extraordinarios derivados desta crise que non golpea a todos por igual. Cre que con este plan se lle podía dar un respiro a moitas familias que o están pasando mal e non o ve reflectido por ningún lado.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que son uns cartos que chegan de maneira excepcional e o BNG mentres cumpran a legalidade, non se vai meter.

Di que lle resulta desagradable o comentario de que é unha proposta técnica, porque hai tres persoas que están cobrando un salario público, cuxa función é ter un criterio político. Non pasa nada que establezan un criterio político avalado por un criterio



técnico para a toma de decisións, xa que ese é o seu traballo e non entende que digan reiteradamente que a política non ten nada que ver nas súas decisións.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, sinala que non lle parece lóxico que digan que non saben onde gastar os cartos. Hai moito onde gastalos: infravivenda, porque hai familias que o están pasando mal, que non teñen casa, etc.

O seu grupo solicita que se contrate ou que se fale con algunha persoa do concello, para que se faga cargo das necesidades básicas que teñen as familias con COVID ou que están en corentena, familias enteiras que non poden saír a mercar, á farmacia, etc.

Todo o mundo sabe que o SAF é un servizo que precisa moitos cartos e pregunta se se pode gastar en SAF dependencia, pero os cartos que están presupostados dende o concello para o SAF se teñen que gastar niso.

Por outro lado, os 10.000 € que se gastan en ordenadores para estudantes, parécenlle insuficientes.

Cre que en todas as partidas se podían gastar eses cartos e mesmo o dobre, e a Deputación adoptou unha medida moi necesaria.

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

A Presidencia contesta que cre que non entenderon o que dixo antes. Nesta situación si que houbo un traballo político e un traballo técnico necesario.

Esta é unha achega extraordinaria, que ao mellor o ano que vén non existe. Crear servizos novos en base a esta achega extraordinaria, supón pensar na segunda parte, que é se se vai manter ese servizo cando non haxa esa achega.

Confirma que si existe unha planificación feita polos servizos sociais do concello, que para el son dos mellores da comarca.

Cando cheguen o 100% deses cartos a servizos sociais, vanse apoiar temas como o da infravivenda, evitar desafiuzamentos, crear servizos que sexan necesarios, apoiar iniciativas como a que presentou Yolanda, etc.

Sen esta achega, o que tiñan previsto está garantido nos orzamentos do 2021. Esta achega dálle ao concello unha certa folgura para afrontar esta crise.

Falouse coa Deputación para que permitiran poder xustificar eses cartos co SAF dependencia. Eses cartos van a esa bolsa de servizos sociais e permitirán cubrir moitas necesidades que poidan xurdir derivadas desta crise, e é por iso que di que si existe ese traballo político cando defenderon que chegaran eses 114.000 € a Vedra.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que están debatendo a proposta do grupo de goberno, que é dunha partida extraordinaria de cartos que se van dedicar a financiar un servizo ordinario que tiña que estar financiado doutra forma pola Xunta de Galicia hai moitos anos. Di que poden crear unha liña de axudas ás familias que o necesiten este ano, porque é cando vén esta partida, e non se sabe o que acontecerá para o ano, e sen embargo o grupo de goberno mete todo en SAF dependencia.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

Posta a votación, apróbase con dez votos a favor do PP e BNG, tres votos en contra do PSdeG-PSOE.

4º.- Acordo, se procede, sobre da moción do Grupo Municipal do BNG para mellorar a UCI do Hospital Clínico de Santiago de Compostela.



Dáse conta da citada moción presentada polo grupo municipal do BNG na que expoñen que a Unidade de Coidados Intensivos de adultos (UCI-A) do Hospital Clínico de Santiago de Compostela (CHUS) é tamén onde se atenden pacientes graves de COVID-19. É unha unidade aberta que dispón só de 2 cubículos, polo que o persoal sanitario vese obrigado a estar xornadas enteiras co equipo de protección individual (EPI), que non sería necesario de existir suficientes cubículos.

O risco de contaxio é elevado, e de existir, non sería doada a substitución dos profesionais con formación en coidados críticos.

O persoal mantén unha folga dende o 16 de novembro, non para reclamar subida de salarios, senón para demandar unhas condicións dignas para o seu traballo: melloras estruturais, organizativas e preventivas, dotación de EPIs, controis de PCR periódicos...que redundarían nunha mellor atención para as persoas ingresadas, que poden ser do concello de Vedra.

Polo exposto propoñen ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

O concello de Vedra solidarízase co persoal da UCI do CHUS en folga, apoia as súas demandas e reclámalle á Xunta de Galicia que realice, de urxencia, as actuacións necesarias para cumprir a normativa vixente e mellorar as condicións de traballo destas persoas que prestan, en primeira liña, atención sanitaria nestes duros momentos de COVID-19.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que é unha moción de partido. Case lle dá vergoña presentar unha moción deste tipo, porque cre que é algo fundamental e elemental para os traballadores.

Solicita que o concello comprobe se é verdade que no centro de saúde de Vedra faltan máscaras de protección FFP2. De ser certo, solicita que llas ceda o concello.

Noutros concellos, como Lalín e Santiago, o PP apoiou ou abstívose para que saíra adiante esta moción.

A Presidencia contesta que o CHUS de Santiago ten á súa disposición unha UCI que conta con 23 camas, o que pasa é que en relación con outras áreas sanitarias, están distribuídas en dous hospitais, o Clínico e o de Conxo. Esas dúas unidades teñen unha configuración aberta, pero si que dispoñen de cubículos pechados para pacientes que precisen de illamento; dúas na UCI do Clínico e unha no de Conxo. Ademais dispoñen de camas de críticos para pacientes cirúrxicos nas denominadas unidades de reanimación.

Isto é así, porque no ano 2011 gobernando o PP na Xunta de Galicia, decidiron construír unha nova unidade de reanimación no Clínico, e grazas a esa actuación durante a primeira vaga da COVID os pacientes que precisaron ingreso na unidade de críticos foron atendidos na UCI e na unidade de reanimación.

Está claro que esta configuración é mellorable e cónstalle que a aspiración da Xunta de Galicia é acadar unha reforma da UCI con todos os cubículos pechados. Así se lle trasladou ao persoal, só que advertíndolles que se faría se a obra podía estar lista antes de setembro para non atoparse coa UCI en obras en plena segunda vaga. Parece ser que ningunha empresa se comprometeu a acometer a obra nun prazo tan curto de tempo.

Si acometeron unha actualización do equipamento con completa renovación do sistema de monitores, telemetría en todas as camas UCI, así como na antiga unidade de reanimación que dotaron de novos respiradores.



A actual configuración da UCI supón molestias para o persoal de enfermería, por iso tamén lle consta que se acordou con ese persoal a compensación do cómputo da xornada para aqueles casos nos que o persoal teña que estar a traballar durante toda a xornada co EPI como sucede cando se atenden pacientes COVID en configuración aberta.

Incluso dentro dos acordos alcanzados co persoal de UCI está o de limitación de mobilidade, que se realizará exclusivamente en situacións puntuais e por causas inevitables, e só a outras unidades onde se atenden pacientes críticos como a unidade de coronarias ou a unidade de reanimación ou espertar.

Por último, está xa incluído nos orzamentos do ano 2021a dotación suficiente para acometer esta reforma integral da UCI do Clínico. Farase cando a situación non supoña un risco sanitario para os pacientes.

En calquera caso, non van ir en contra da solicitude do BNG e o seu grupo vaise abster.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vai votar a favor. Despois de todos os datos que acaba de dar, supón que non será sinxelo acometer unha obra desas características en plena pandemia. Supón que haberá varias maneiras de solucionar esta situación que afecta aos profesionais maltratados pola administración do Sr. Feijoo e á intimidade dos usuarios que están alí.

Posta a votación, apróbase con cinco votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG e oito abstencións do PP.

5º.- Dar conta do Período Medio de Pago do 4º trimestre de 2020.

Dáse conta que o Período Medio de Pago a provedores do 4º trimestre de 2020 é de 18,52 días.

O Pleno dáse por informado.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

A Presidencia di que había unha pregunta pendente formulada por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, respecto de se era legal estar cobrando a taxa dos centros que prestan servizos sociais dende o 01/09/2020 cando nin sequera estaba publicada; contesta que entende que non hai ningún tipo de problema dende o momento en que no Pleno anterior a dita data se aprobou a modificación do regulamento.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto do informe dos contratos menores, di que o solicitou esta semana e dará conta do mesmo no seguinte pleno. O resto de consideracións feitas, entende que xa están contestadas nas súas intervencións en plenos anteriores.

En canto á licitación do servizo de limpeza, di que van con retraso e se están a elaborar e redactar agora mesmo os pregos, e todo indica que na semana seguinte iniciarán a licitación dese servizo.

2º.- Sobre a suba das cotizacións á Seguridade Social, a Presidencia contesta que no ano 2020 aparecían no orzamento 326.800 € e este ano 330.000 €. Practicamente é o mesmo. Os orzamentos son unha previsión e iso non quere dicir que finalmente se vaian



gastar todos eses cartos en cotas á Seguridade Social. Por exemplo, nos orzamentos figuran as cotas desa praza que agora mesmo non está cuberta, co cal está no orzamento, pero non se gasta.

Respecto a cando se vai cubrir esa praza, di que evidentemente é unha decisión política, pero que tamén é evidente que é algo que previamente hai que falar na mesa de negociación e así o farán.

Cando falaba de que había dúas limpadoras menos e que se debía aforrar en cotizacións á Seguridade Social, di que hai que ter en conta a subida do 0,9%, que neste ano tamén se estendeu aos traballadores laborais a reivindicación do plan de pensións, o uso do fondo social que tamén cotiza, e cun criterio de prudencia mantense máis ou menos a mesma partida. Na execución é onde se pode ver ese gasto real.

3º.- Respecto da falla de xel hidroalcolico na entrada do concello, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que repoñer o xel pode facelo calquera dos traballadores do concello cando se precise ou tamén a empresa de limpeza.

En canto ao das queixas sobre o seu traballo considera que se alguén ten queixas, debe trasladarllas ao grupo de goberno para eles poder comunicarlhas á empresa; unha empresa que leva moitos anos no mercado, que ademais é de Vedra e coa que están satisfeitos, aínda que todo é mellorable, por suposto.

4º.- Sobre a convocatoria formal das xuntas de portavoces en tempo e forma, cunha orde do día e se levante acta das mesmas, responde que toman nota e tratarán de facelo así.

5º.- Respecto a como se repartiron os cartos do POS+ adicional 1/2020 para gastos sociais derivados da COVID-19 e como se fai ese pago xa que non vén nada reflectido nas facturas, di que simplemente aprobaron unha axuda de 32.858 € onde se podía xustificar en distintas partidas. Os 83.000 € era unha previsión de gastos que se tiña no concello en relación a esas partidas. Xustificouse unha soa que era máis que suficiente, que era a de axudas de emerxencia do ano 2020.

6º.- Sobre a pregunta respecto ao CIM, a Presidencia cédelle a palabra a dona Susana García, que di que o concello de Boqueixón é o titular do Centro de Información á Muller (CIM) e no 2018 asinouse un acordo de cooperación entre os dous concellos para que as veciñas de Vedra puideran acceder a ese servizo sen ter que desprazarse a Boqueixón como viñan facendo.

No devandito convenio, Boqueixón comprométese a garantir a asistencia presencial do persoal técnico do CIM, sete horas dous días á semana (de 08:00 a 15:00 horas), un día para asesoramento psicolóxico, e outro para asesoramento xurídico e información sobre recursos dispoñibles.

Tamén Touro se adheriu e presta servizo en Touro o mesmo CIM

Precisamente días antes da pregunta, solicitóuselle á directora do CIM unha memoria da evolución do CIM en Vedra (co número de mulleres asistidas, o tipo de intervención - malos tratos, separacións... etc.), co fin de valorar o servizo e se require facer algún cambio. É un tema que se está tratando coas técnicas do servizo.

En canto á publicidade, é certo que se lle pode dar máis publicidade, e niso están, de feito o ano pasado fixéronse guías dos recursos dispoñibles, cos números de teléfono, onde se incluía o do CIM; ademais anunciouse moitas veces nos boletíns, e está no taboleiro de servizos sociais e na entrada do concello hai un cartel personalizado do



servizo "Non estás soa". A mellor publicidade son os propios servizos sociais, a onde se dirixen as mulleres, quen canaliza e conducen ao CIM.

En calquera caso toman en consideración reforzar a publicidade do servizo, porque ademais, repasando a web do concello viron que nestes momentos non está publicado, non sabe como se puido pasar, pero nos próximos días colgarase na web.

7º.- Respecto das facturas aprobadas a un procurador por procedementos que ten abertos o concello, di que son procedementos contencioso administrativos e sociais dende o ano 2011 dos que aínda non pasaran as facturas. Moitos deles xa están pechados e arquivados. No próximo pleno facilitaralle a referencia de cada un deles e ao que se refiren.

8º.- Sobre o novo plan de transporte e a non existencia de marquesiña nalgunhas paradas, di que irán repasando todas as paradas e actuarán onde teñan que actuar e nalgún caso xa de forma inmediata. Tamén é certo que as marquesiñas son inversións caras, e a súa instalación depende do número de usuarios, frecuencias, etc. e isto vai levar un certo tempo. Así mesmo, están falando coas empresas operadoras a medida que se van implementando todas as rutas para saber exactamente os horarios de paso.

Agora de forma inmediata repartirase polas casas un folleto coas liñas tal e como veñen descritas na páxina bus.gal, e xa están a traballar niso. Non é nada fácil de facer e a idea é ter na primavera un formato máis específico por parroquias, por paradas e no que se poida ver máis concretamente as liñas e horarios de paso e deseñar os paneis para colocar nas marquesiñas.

En calquera caso, en bus.gal se fai unha busca de un día e unha parada concreta, en principio deberían aparecer todas as frecuencias de paso e os horarios dese día e parada.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a que a cámara grave a todos os concelleiros e non só aos que interveñen no pleno, porque parece que os concelleiros do PP non están nin se esperan, di que é un comentario fóra de lugar.

2º.- Respecto á cesión do centro de saúde de Vedra, porque segue figurando nos orzamentos, di que está pendente da resolución definitiva da Xunta de Galicia. Imaxina que o tema da pandemia está a influír nese retraso.

3º.- Sobre o beneficio económico que ten a cesión do servizo de limpeza do CPI (14.500 €/trimestre), a Presidencia di que os números podeanse facer para analizar máis correctamente, cando pase un certo tempo, como mínimo un ano. Hai que facer un cómputo global tendo en conta todas as circunstancias.

4º.- Respecto á colocación dun espello en Fontao na curva xusto antes dos aluminios, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, que di que se falou co vixiante da estrada para ver a viabilidade e a posible situación, non só dese espello senón dalgún outro nesa mesma estrada, e cando teñan o permiso da Deputación procederán a colocalos.

5º.- Sobre os arranxos na escola unitaria de San Fins, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro, que di, como xa informaron no pleno anterior, que a tarima de San



Fins xa está, os radiadores xa se arranxaron ou puxeron novos, ao igual que noutras escolas e o pintado tamén.

Como xa explicaron en varios plenos anteriores, manteñen un contacto directo cos centros educativos e as obras ou actuacións que lles requiren vanse realizando o antes posible, sempre acorde coa dirección dos respectivos centros. Outras actuacións de máis calado, procuran facelas durante os períodos de vacacións para que non intercedan no ritmo diario das aulas.

En definitiva, varias destas obras xa están executadas e outras vanse valorar co profesorado.

6º.- Respecto á reportaxe “Vente a vivir a un pueblo”, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro, que di que máis que unha pregunta o que fai son unha serie de afirmacións, ou mesmo acusacións, como vén sendo habitual, e que, por suposto o grupo de goberno non comparte. Participar na plataforma “Vente a vivir a un pueblo” foi unha proposta que lle fixeron ao concello e que lles pareceu interesante, moi alcanzable e boa para Vedra.

Como calquera obra, audiovisual ou doutro tipo, o grupo de goberno non lles dixo aos profesionais como tiñan facer. Formularon a proposta, pareceulles interesante, viron unha mostra doutros municipios e tiraron para adiante.

A empresa responsable traballa cun esquema ou estrutura marco que artella o proxecto e que pretende adaptarse a calquera tipo de concello de calquera parte de España: interior ou costeiro, con máis ou menos servizos....

Ese esquema, para o que lles pediron datos, foi completado polos técnicos municipais e contou co visto bo do grupo de goberno, datos obxectivos sobre o concello. Como trasladaron eses datos e como os proxectaron no vídeo, o enfoque que lle deron, os planos que escolleron, os tempos, as referencias, etcétera, etcétera, foron cousa da empresa. Seguramente outra faríao doutra maneira, pero considera que o resultado dá unha visión clara do concello e, como se di na plataforma, calquera pode informarse máis do que lle interesa dirixíndose aos servizos técnicos municipais, como de feito xa o están facendo persoas de distintos lugares.

O retorno que temos desta iniciativa é de que o vídeo tivo boa aceptación. Se a vostede non lle gustou, enténdeno, sorprenderíalles que viñese por primeira vez a dicir que algo estaba ben. Mais, pode asegurarlle que non lle ven as pegas que lle pon vostede.

En calquera obra, como lle dixo antes, non ten porque coincidir a visión do autor coa do espectador, nin a dun espectador coa doutro, pero considera que cumpre os obxectivos e a visión xeral que ofrece é correcta, especialmente para o público ao que se dirixe como poboación diana: habitantes de cidades que queiran ir vivir a un pobo de calquera parte do Estado.

Das pegas, críticas que expón:

“...na web consta que no 2021 a fibra óptica na súa totalidade estará no concello, cre que é ser moi optimista ou mesmo mentir.”

Optimistas son e cre que é bo ser optimista, máis nestes momentos de pesimismo social pola COVID.

O de mentir xa lle di que non. Traballan cos datos de previsións da Xunta e vendo o ritmo ao que están a traballar, confía en que sexa unha realidade pois para o concello é un tema prioritario. Desde o concello tentan colaborar no posible con ese obxectivo.



“...Contradise cando nunha parte di que temos menos de 5.000 habitantes e noutra máis de 5.000 habitantes. Supón que será como os habitantes reais e os censados.”

Xa se lle comunicou á empresa que cometeran un erro na ficha, porque o concello facilitoulle o censo real naquela data.

“...Tamén di que hai outros servizos: banco, caixeiro, supermercados, restaurantes, centro social, panadería, piscina municipal, contorna natural destacada, río, afluencia turística de peregrinos do Camiño de Santiago, etc. Ata aí é todo correcto. Tamén di que está a Universidade de Santiago de Compostela, parece que está aquí en Vedra e está a 16 km.”

Cre que calquera persoa pode entender perfectamente que a Universidade de Santiago de Compostela está en Santiago de Compostela.

“...No tema do transporte, falar de paradas de bus é moi optimista ou moi mentireiro, porque moitas delas ao longo do ano non se limpan as herbas, están rotas ou non están identificadas.”

No tema do transporte, o guión inicial do que se lle dixo, tiñan que presentar á empresa, había que marcar se no concello había paradas de autobús, estación ou se non, se as había en concellos próximos. O concello marcou as paradas que é o que ten. Dicar que moitas delas están rotas ou non están identificadas parécelle un pouco esaxerado; pois aínda que é certo que o vandalismo esnaquiza algunha cada ano, téntase reparar ou repoñer en canto é posible, sobre todo se hai uso desa parada. En todo caso e como sabe, coa nova reestruturación de transporte é algo que pretenden abordar, como xa dixo o alcalde.

“...Cando falan do emprego, non se lle dá a mesma publicidade a todas as empresas que promocionan.”

As empresas que aparecen non as escolleu o concello, para eles todas son iguais de importantes e merecen a mesma publicidade, dende un pequeno negocio ás empresas máis grandes.

“...No que se refire á educación, en Vedra só hai un escola infantil de 0 a 3 anos. Non poñen en valor as unitarias e menten cando din que hai un instituto.”

En canto a educación, informouse de que había ensinanzas de Educación Infantil de 0 a 3 anos, 1º ciclo, de 3 a 6, 2º ciclo, primaria e secundaria. De como o sacaron: preguntada a empresa respondéronlle que eles utilizan un criterio común para que se entenda en todas as partes, posiblemente por iso non sacaron o CRA Boqueixón-Vedra nin o CPI de Vedra nin o CEIP Ortigueira.

Non entende o de que non se poñen en valor as unitarias.

“...Bota en falta no vídeo algo feito polo goberno do PP, porque van alá 9 anos de goberno e aínda está esperando que faga algo.”

Cre que aquí todos os que gobernaron tentaron facer cousas por e para Vedra. Cousas que forman parte dun patrimonio común de todos e de todas e iso é o que queren ensinar. Houbo momentos de vacas gordas e momentos de crises, houbo momentos de crecemento económico, de moitos recursos e momentos de pandemia, momentos nos que se fixeron máis obras e momentos de máis necesidades sociais que houbo que atender... Pero repite, cre que con máis ou menos acertos, os distintos gobernos do



concello traballaron polo ben de Vedra. E como están en democracia é o pobo o que ten o poder de vulgar e fíxoo, e faino cada 4 anos.

Seguramente vostede no vídeo non veu as obras: do pavillón, as da pista de rodadura, o ximnasio municipal, as reformas do centro da terceira idade, as do CPI de Vedra (por citar algunhas das que están na zona na que vive) ou as dos campos de fútbol, zona multiusos de Santa Cruz, etc.

“...Por último solicita ver o permiso de AENA para o uso de drons para gravar todas as imaxes, porque moitas veces están nun espazo aéreo protexido.”

É cousa da empresa, cando teñan ocasión xa llo trasladan.

7º.- Sobre as reclamacións da xestión que fai o concello da Escola Infantil Municipal, a Presidencia cédelle a palabra a dona Susana García, que di que non houbo ningunha reclamación, nin por escrito nin verbalmente, tampouco consta ningunha queixa.

O único que houbo foron solicitudes que se resolveron na maioría dos casos favorablemente. Atendéronse todos os casos co regulamento na man pero flexibilizándoo na medida do posible para non provocar un agravio comparativo ás demais familias. Non poden esquecer que na Escola Infantil non se imparte unha educación á carta, os educadores deben seguir un plan de estudos e non se pode saltar así como así, como tampouco o Regulamento, que xa de por si contempla moita casuística, e non esqueza que é un servizo público baixo o control de inspección.

Como di, non hai ningunha reclamación e ninguén se queixou da xestión que se está facendo desde o concello. As solicitudes resolvéronse favorablemente, ou ben nalgún caso as familias entenderon perfectamente os motivos polos que non podía facerse o cambio que solicitaban.

8º.- Respecto a se no concello hai algunha irregularidade, a Presidencia lávase as mans e a culpa é toda do Secretario, contesta que é un comentario erróneo e fóra de lugar.

-- Ás preguntas do Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o colector de vidro en San Fins, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, que di que colocaron ese provisionalmente pero vaise colocar outro en Nande nun lugar máis axeitado o antes posible.

2º.- Respecto do obradoiro de emprego, a Presidencia di que o tempo de actuación do obradoiro de emprego en cada concello participante no mesmo, en principio vai ser igual e equitativo. Algúns concellos meten actuacións máis pequenas e parece que son moitas, e outros, como Vedra, actuacións máis grandes como é a limpeza do castro en Socastro.

En calquera caso, toman nota das suxestións e teranas en conta no seu momento.

3º.- Sobre a situación do centro de día, di que en Boqueixón tardaron en aprobalo en Pleno. Unha vez aprobado, os alcaldes tiveron un primeira xuntanza e a semana pasada tiveron unha primeira toma de contacto coa Conselleira e quedaron para novas reunións nos próximos meses.



Nos próximos días terán reunións de traballo cos técnicos dos concellos. Teñen previsto para o mes de marzo inaugurar as reunións periódicas cos grupos políticos para ir informando de todas estas cuestións e dos avances que se vaian producindo.

-- Ás preguntas de dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia responde:

1º.- Respecto da limpeza do castro de Socastro e se van facer algún traballo arqueolóxico e tamén actuacións no de Marzán, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que hai xa uns anos que teñen a intención de poñer en valor o castro de Socastro porque cren que ten un gran valor patrimonial e arqueolóxico e que pode ser tamén un elemento dinamizador cultural e turístico deste concello. Por iso se encargou un proxecto para a revalorización do castro e o seu entorno. Tiveron algunhas reunións cos veciños afectados porque o certo é que as fincas que o rodean son de particulares e polo tanto precisan da súa autorización para poder actuar nelas.

Contan con estas autorizacións e tamén coa de patrimonio para poder actuar. Nestes momentos están á espera de poder acadar financiamento dalgunha administración para poder executalo porque o orzamento para a súa execución é importante.

Gustaríalles poder actuar tamén no de Marzán pero van ir pouco a pouco.

2º.- Sobre os cursos de ofimática na Aula Cemit, a Presidencia di que tan pronto poidan intentarán comezar. Xa existe unha partida orzamentaria para acondicionala a nivel de infraestrutura e de tecnoloxía máis moderna.

7º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Segue esperando polo informe solicitado no Pleno do mes de novembro. A semana pasada fixo unha solicitude a través da Sede Electrónica ao Secretario para ver unha información que incumbe ao funcionamento do concello e á que teñen dereito a acceder como concelleiros que son, e segue a esperar resposta.

Respecto dos procedementos contenciosos administrativos, a Presidencia di que algún é do 2011, e pregunta se iso non prescribe, e segue esperando por esa información, a que corresponde cada un dos procedementos que lle indicou no pleno pasado. Pregunta cantos procedementos ten abertos a día de hoxe o concello e de que tratan.

2º.- Pregunta que pasa coas prazas que o concello non está cubrindo, como é o caso da praza de persoal laboral que cubría o Sr. Munín (xubilado en 2020) e a de técnico de tesourería que está ocupando agora Nerea. Supón que a Presidencia pode convocar a mesa de negociación cando queira xa que é o responsable de convocala.

3º.- Cando o Sr. Vázquez Martínez di que o xel hidroalcolico o pode repoñer calquera, sucede que ao final non se fai. Cre que iso non se pode permitir no medio dunha pandemia como esta e debe haber un responsable, que debería ser o persoal de limpeza

4º.- Solicita ver o informe do funcionamento do CIM. Se ten que solicitalo a través da Sede Electrónica, fágallo saber.



5º.- No Pleno do mes pasado preguntaba por unha indemnización a un particular en Romarís, e é en Laraño. Está na R.A 328 da Xunta de Goberno do 25 de xuño de 2020 e pregunta a canto ascendeu esa indemnización, se estaba contemplada no proxecto de ampliación e a quen se lle comprou.

6º.- Pregunta por dúas R.A, da última Xunta de Goberno do 21/01/2021:

1ª.- A 773 respecto da factura 200/18 de Droguería-Ferretería El Sol, a canto ascende o importe e por que concepto.

2ª.- A 752 da X.G 21/01 sobre achega para gastos de limpeza do CPI.

7º.- Respecto das marquesiñas, cre que era un bo sitio para destinar parte dos cartos do POS + que o grupo de goberno vai destinar a gasto corrente, xa que os horarios de paso polas paradas están moi inconclusos e son 20 as paradas que están a ceo aberto.

8º.- A gravación de son do Pleno anterior é de mala calidade. Solicita que revisen o sistema e traten de arranxar ese tema.

9º.- Respecto do transporte, pregunta se se arranxou o problema que asumiu a parroquia de San Xián, no que tiña que pasar un autobús antes polos rapaces para deixalos na escola e despois ir buscar outros e á volta igual. Pregunta se teñen que seguir madrugando máis os rapaces de San Xián.

10º.- Recórdalle que se aprobou unha moción sobre o espazo público de San Xián e que dixo que os ía manter informados cada mes. Espera que convoque a xunta de portavoces.

A Presidencia di que é probable que nas próximas semanas lles dea novidades sobre ese tema.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Entregaron unha moción para debater no seguinte pleno sobre a selección de persoal. O concello de Touro recibiu unha reclamación polo proceso de selección de alumnos para o obradoiro compartido entre Vedra, Boqueixón e Touro.

Como mínimo, un veciño fixo unha queixa formal para que se revisara o proceso de selección, en particular a entrevista persoal.

A resposta de Boqueixón, foi que a entrevista persoal non é revisable, polo que se desestima a demanda da persoa.

Solicitáselle ao Alcalde que solicite explicacións ao concello de Boqueixón pola resposta, e inquírese polo proceso de rexistro e baremación destas entrevistas, nomeadamente as listas de recoñecemento, ou actas da entrevista, que teoricamente son obrigatorias.

Recórdaselle ao equipo de goberno, que o BNG aportou ese mesmo día en rexistro unha moción, acompañada do estudo de viabilidade para realizar cambios nos procesos selectivos, nomeadamente a gravación e rexistro das entrevistas persoais.

2º.- Pregunta pola empresa de asfaltado municipal, que ao parecer intentan montar dende o concello (con desenvolvemento de tecnoloxía propia)... con especial incidencia nas capacidades do Sr. González Couto para o deseño de camiións con cuentadores para aglomerado.



Pregunta se é certo, e se realmente están desenvolvendo un vehículo de asfaltado con tecnoloxía propia. Aclara que a consulta é sen acritude.

3º.- Pregunta se lle parece normal que a creación da plataforma municipal de venda on-line acontecera catro anos despois de ter sido aprobada en Pleno despois dunha iniciativa do BNG no ano 2016.

Pregunta se cre razoable que tivera que acontecer unha crise sanitaria para que se puxeran a traballar.

4º.- Sobre o artigo aparecido no Correo Gallego: “Vedra avanza na economía Gig con concellos de Italia, Irlanda e os Países Baixos”, onde se afirma literalmente que: “Vedra, indica o goberno local, aportou ao proxecto dez expertos da Universidade de Santiago de Compostela”.

Indica que dez expertos, son moitos expertos, e que ao BNG gustaríalles consultar o convenio a través do cal, Vedra contratou aos dez expertos. Da mesma maneira queredría saber do procedemento seguido para posteriormente cedelos ao proxecto Gig.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita que se faga algo para que as familias e usuarios do SAF utilicen a máscara. Nalgúns casos non o queren facer e solicita que se envíe unha circular dende o concello indicando que é obrigatorio mentres estea esa persoa traballando.

2º.- Solicita un informe sobre o grao de execución dos orzamentos do ano pasado.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e trinta minutos.